



Santiago de Compostela, 11 de Febreiro de 2010

## CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS PARA CARGOS VACANTES DA XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno deste Colexio Oficial, na súa reunión do día 10 de febreiro do presente ano, en uso das atribucións que lle confire o artigo 26 dos nosos vixentes estatutos, **ACORDOU convocar eleccións** para ocupar os cargos da Xunta de Goberno vacantes.

### CARGOS A ELIXIR E CONDICIÓNS DOS CANDIDATOS

POSTO	CARGO	MANDATO	ANTIGÜIDADE	SITUACIÓN
1	Vicepresidente/a	Ata próxima convocatoria de eleccións para a renovación de cargos da Xunta de Goberno	2 anos de colexiado	Exercente
1	Vicesecretario/a		-----	Exercente / Non exercente
1	Tesoureiro/a		2 anos de colexiado	Exercente
1	Vocal por A Coruña		-----	Exercente / Non exercente
1	Vocal por Pontevedra		-----	Exercente / Non exercente

O proceso electoral iniciouse o día 10 de febreiro e **as eleccións celebraranse o día 12 de marzo de 2010**, de acordo co exposto nos artigos 34 a 44 dos Estatutos do COLEF Galicia (publicados en [www.colefgalicia.com](http://www.colefgalicia.com)). O calendario electoral será o seguinte:

**O día 11/02:** Envío da convocatoria a toda a colexiación e exposición na sede do colexio, con todo o proceso electoral. Exposición do censo electoral na sede, no horario habitual de atención ao público (de luns a venres de 9.00 a 15.00 horas).

**Do 12 ao 16/02:** Presentación de reclamacións contra o censo electoral.

**Do 17 ao 21/02:** A Xunta de Goberno resolverá sobre as reclamacións.

**PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DO 12 DE FEBREIRO AO 26 DE FEBREIRO:** Ningún colexiado poderá presentarse como candidato a máis dun cargo.

**Do 27 ao 03/03:** Exposición das candidaturas co fin de que os colexiados poidan formular reclamacións ou impugnacións.

**Do 04 ao 08/03:** A Xunta de Goberno resolverá as impugnacións ou reclamacións presentadas e notificaralles a correspondente resolución aos interesados.

**Do 09 ao 10/03:** Notificación aos interesados.



Ilustre Colexio Oficial  
de Licenciadas/os en Educación Física  
e en Ciencias da Actividade Física  
e do Deporte de Galicia

**O día 11/03:** Proclamación de candidatos e publicación no taboleiro de anuncios do Colexio das candidaturas que reúnan as condicións para a súa elección.

<b>DATA DAS ELECCIÓNS: O DÍA 12 DE MARZO DE 2010</b>	
<b>LUGAR</b>	Sala de Xuntas do Centro Empresarial Compostela Rúa Fernando III O Santo 32, Baixo. 15701 Santiago de Compostela
<b>HORARIO</b>	Durante a Asemblea Xeral Ordinaria 2010 do COLEF Galicia (punto 6 da orde do día) - Inicio: 16:30 horas en 1ª Convocatoria - 17:00 horas en 2ª Convocatoria - Fin: 20.30 horas

**VOTO POR CORREO:** Solicitarase do 11/02 ao 07/03.

Segundo o artigo 36 dos nosos estatutos o voto por correo estará suxeito aos seguintes requisitos:

- O elector solicitará da secretaría do Colexio, a partir da convocatoria e ata o quinto día anterior ao da votación, un certificado de inscrición no censo.
- A solicitude deberá formularse persoalmente ou por medio dunha persoa debidamente autorizada para representalo.
- O secretario do Colexio comprobará a identidade do solicitante e, no seu caso a do representante, así como a autenticidade da representación e, logo de comprobación de inscrición en censo, expedirá o certificado solicitado, realizando a anotación correspondente no censo, co fin de que o día das eleccións non se realice o voto persoalmente.
- Tan pronto como estivesen dispoñibles, o Secretario do Colexio remitiralle ao elector ao domicilio por el indicado ou, no seu defecto, o que figure no censo, as papeletas e os sobres electorais xunto co certificado mencionado no apartado anterior.
- O elector, unha vez cuberta a papeleta do voto, introduciráa no sobre de votación e pechará. Incluirá o sobre de votación e o certificado no sobre dirixido á Mesa e remitirallo por correo certificado.
- O Secretario do Colexio conservará ata o día da votación toda a correspondencia electoral e trasladaráa á Mesa electoral á hora en que teña lugar o comezo das votacións. Así mesmo, seguirá dando traslado da que poida recibirse nese día ata a hora en que finalicen as votacións.

Asdo.: **Roberto Barcala Furelos**  
SECRETARIO DO COLEF GALICIA